

### **Oferta de traballo: Dous contratos predoutorais**

O grupo de investigación SiDOR (Statistical Inference, Decision and Operations Research, <http://sidor.uvigo.es> ) da Universidade de Vigo ofrece dous contratos predoutorais para realizar a tese de doutoramento. A tese encadrarase nunha das liñas de investigación do grupo SiDOR (inferencia non paramétrica, regresión semiparamétrica e non paramétrica, análise de supervivencia, teoría de xogos, teoría da decisión, investigación operativa etc.).

A investigación do SiDOR está financiada por proxectos do Ministerio de Ciencia e Innovación. Investigadores principais: Jacobo de Uña e Juan Carlos Pardo (Estatística; [jacobo@uvigo.es](mailto:jacobo@uvigo.es) , [juancp@uvigo.es](mailto:juancp@uvigo.es) ), Gloria Fiestras (Investigación Operativa, [fiestras@uvigo.es](mailto:fiestras@uvigo.es) ). Os interesados poden contactar con eles para ampliar información.

#### Requisitos:

- Formación específica (licenciatura, mestrado etc.) na área de Estatística e Investigación Operativa que dea acceso ao Programa de Doutoramento “Estatística e Investigación de Operacións” da Universidade de Vigo. Graduados con polo menos 60 ECTS superados a nivel de Mestrado na área de Estatística e Investigación Operativa cumpren este requisito.
- Coñecementos de programación. Manexo de software estatístico.
- Bo nivel de inglés falado e escrito.

#### Criterios de valoración:

- Expediente académico de grao/licenciatura e de mestrado. Curriculum vitae.
- Entrevista persoal.

#### Descrición do traballo:

- Salario bruto: 1250 euros/mes.
- Xornada de traballo semanal: 37.5 horas/semana.
- Duración do contrato: 32 meses.
- Centro de traballo: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e/ou CINBIO. Campus Universitario Lagoas-Marcosende (Vigo).
- Os candidatos seleccionados comprométese a concorrir a convocatorias predoutorais públicas (FPU, FPI, Xunta de Galicia, Universidade de Vigo, etc).

#### Presentación de solicitudes e prazo:

- Correo electrónico a [sidor@uvigo.es](mailto:sidor@uvigo.es) con tema: Praza Predoctoral SiDOR.
- Achegar carta de presentación, expediente académico de grao/licenciatura e mestrado e CV.
- Prazo: ata as 14:00 horas (CET) do 29 de xaneiro de 2021.

#### Entrevistas persoais e resolución:

- Os candidatos preseleccionados serán convocados a unha entrevista persoal. Non se manterá correspondencia co resto dos solicitantes.
- Data prevista de inicio do contrato: 1 de marzo de 2021.